



## Concello da Pobra do Caramiñal

---

Expte nº 488/2021

### RESOLUCIÓN

Logo de ver a proposta de Bases elaboradas pola Concellaría de Cultura para a convocatoria dun concurso fotográfico sobre o Entroido 2021, denominado “Choqueirada na casa”.

Visto o art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a disposición adicional 10ª da mesma, e tendo en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen previa solicitude do beneficiario, e a fiscalización de conformidade da Intervención municipal.

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as Bases reguladoras e Convocatoria do **I Concurso fotográfico sobre o Entroido 2021 “Choqueirada na casa”** que se inclúen como anexo a esta Resolución.

**SEGUNDO.-** Autoriza-lo gasto para a concesión do premio por importe 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.22109.

**TERCEIRO.-** Dispoñer que se de publicidade ás presentes Bases mediante a súa publicación no Taboleiro de edictos da Corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para xeral coñecemento.

**CUARTO.-** Dar conta da presente Resolución ao departamento de Cultura, a Intervención e Tesourería, e ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que sesión que celebre.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

A secretaria, en acumulación de funcións

*(documento asinado dixitalmente)*



## Concello da Pobra do Caramiñal

---

Expte nº 488/2021

### **BASES DO I CONCURSO FOTOGRÁFICO DE ENTROIDO “CHOQUEIRADA NA CASA”**

Ante a situación epidemiolóxica derivada da Covid-19, neste 2021 non é posíbel levar a cabo a programación do Entroido tal e como se concibía en anos anteriores por estas datas no noso municipio. En consecuencia, a Concellaría da Cultura da Pobra do Caramiñal aposta por non renunciar a esta festividade e, para tal fin, respectando as medidas sanitarias adoptadas, formula como alternativa un concurso fotográfico que conxuga o desfrute desta tradición coa posta en valor e recuperación da figura do choqueiro.

Convídase así toda a veciñanza pobrense a participar, independentemente da idade, nesta proposta para a cal tan só é preciso creatividade e botar man do que hai na casa. Colle aquela camiseta que gardas no fondo do caixón, calza os zapatóns que empregas para enredar na horta, cambia de peiteado con aquela perruca de cando fuches disfrazado/a de bruxa, pon a careta que xa creras esquecida no faiado... Bótalle imaxinación e mestura pezas de roupa ata acadáre-lo resultado que buscas. E non tes por que facelo soa/só, pois podes implicar na actividade as persoas con quen convives. Ademais, se atesouras algunha imaxe antiga de choqueiros/as, fáiñola chegar para compartir como o celebraban antes.

### **BASES**

- Concurso de fotografía do Entroido para tódalas veciñas e veciños da Pobra do Caramiñal
- Temática: disfrazarse de choqueiro/a con todo o que atopas na túa casa. Roupas vellas, chapeus, perrucas...
- Estabelécense para o citado concurso cinco categorías:
  - Infantil: ata 12 anos
  - Xuvenil: a partir 13 ata 17 anos
  - Adulto: a partir de 18 anos en diante
  - Familiar: grupo de persoas conviventes
  - Categoría especial: fotografía antiga de choqueiros/as na Pobra do Caramiñal

---

**Concello da Pobra do Caramiñal**

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



## Concello da Pobra do Caramiñal

---

- Requisito: unha foto por participante e categoría. En cada foto deberá figura-lo lema “*Choqueirada na casa 2021*”.
- Modo de presentación: será en formato dixital e JPG a través do correo electrónico [culturapobra@gmail.com](mailto:culturapobra@gmail.com), indicando o nome do disfrace, categoría na cal se presenta, nome e apelidos da persoa que concursa e un número de teléfono de contacto.
- Prazos: dende as 00.00 h do día 12 de febreiro de 2021 ata as 23.59 h do día 21 de febreiro de 2021
- Valoración: orixinalidade do disfrace e dos recursos empregados
- O xurado estará composto por diferentes entidades relacionadas coa cultura, que comprende os campos audiovisual, educativo, musical, do asociacionismo e da arte escénica. Formado por cinco persoas: presidente/a, secretario/a e tres vogais.
- Ditame do xurado: realizarase no 26 de febreiro e os nomes das persoas gañadoras faranse públicos na páxina *web* do Concello: [www.apobra.gal](http://www.apobra.gal).
- Os gañadores e gañadoras tamén serán notificados polo correo electrónico ou teléfono.
- Premios: vales de compra para utilizar no comercio local que se adhira a este concurso do Entroido.

**Infantil:** 1.º 200 € 2.º 150 € 3.º 100 €

**Xuvenil:** 1.º 200 € 2.º 150 € 3.º 100 €

**Adulto/a:** 1.º 200 € 2.º 150 € 3.º 100 €

**Familiar:** 1.º 200 € 2.º 150 € 3.º 100 €

**Foto antiga:** premio especial de 200 €

- Outras: as persoas premiadas deberán acreditar que a imaxe que presentan e coa cal participaron é da súa propiedade. As fotografías presentadas ó concurso poderán ser utilizadas para a promoción cultural do concello da Pobra do Caramiñal. A participación neste concurso implica a aceptación da totalidade das presentes bases. Calquera dúbida será atendida na casa da cultura Raquel Fernández Soler ou no teléfono do mesmo departamento, 981831545.
- A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases.